

MEMORIA ECONÓMICA

EXERCICIO 2010

UNIVERSIDADE DE VIGO

TÁBOA DE CONTIDO

Presentación.....	3
I. Execución do Orzamento	4
I.1 Créditos iniciais, Modificacións de crédito e Créditos finais.....	4
Orzamento de Ingresos.....	4
Orzamento de Gastos	5
I.2 Execución do orzamento.....	6
Grao de Execución do Orzamento de Ingresos	8
Grao de Execución do Orzamento de Gastos.....	10
Comparación dos Ingresos respecto do Ano anterior.....	12
Comparación dos Gastos respecto do Ano anterior	13
I.3 Operacións de exercicios pechados.....	16
I.4 Remanente de Tesourería.....	16
II. Operacións extra-orzamentarias	19
II.1 Debedores extra-orzamentarios	19
II.2 Acredores extra-orzamentarios	20
III. Situación económico-patrimonial.....	21
III.1 Resultado económico patrimonial e resultado orzamentario do exercicio	21
III.2 Balance de situación a 31-12-2010	23
IV. Situación de Tesourería.....	26
V. Indicadores.....	28
V.1 Indicadores orzamentarios e financeiros	28
V.2 Indicadores patrimoniais	30
VI. Resumos das contas anuais de entidades participadas	32
VI.1 Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)	32
VI.2 Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI)	33
VI.3 Fundación Universidade de Vigo (FUVI).....	35
VII. Da Contratación Administrativa	37

PRESENTACIÓN

Coa **Memoria Económica** a Universidade informa á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade do grao de cumprimento do seu orzamento, dos resultados económicos obtidos durante o exercicio e da situación patrimonial da Universidade.

Este documento pretende dar unha visión resumida co obxectivo de que sexa comprensible por persoas non técnicas na materia orzamentaria e contable. A información detallada empregada para a elaboración deste informe atópase na Secretaría Xeral, Vicerreitoría de Economía e Planificación e na Xerencia - Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

Na meta estratéxica 6ª do Plan Estratéxico 2008-2012 da Universidade de Vigo establécese que a universidade está “comprometida coa igualdade, cunha cultura organizativa vertebradora e con sistemas de xestión flexibles e eficaces”, e especificamente na súa Liña Estratéxica 6.5 establécese como obxectivo: “reforzar a xestión económica baseada nos compromisos orzamentarios aprobados polos órganos de goberno e nas normas de execución e control do gasto”. A elaboración deste documento enmárcase no obxectivo de “mellora da xestión económico-financeira” establecida no Plan Operativo de Xestión 2008-2012 no seu eixe de MODERNIZACIÓN E CALIDADE. Para a consecución deste obxectivo dispónse como actuación o deseño e establecemento dun “sistema de rendición de contas que mellore o actual de cara ao seu aliñamento coas estratexias da Universidade e unha maior eficacia na súa execución”.

Ofrecendo unha información obxectiva, concisa, clara e nunha linguaxe comprensible da actuación económico-financeira da Universidade de Vigo preténdese que o principio de transparencia na xestión sexa unha conducta real da institución dirixido a garantir o esforzo colectivo nos obxectivos da institución e un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

I. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

I. 1. CRÉDITOS INICIAIS, MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS E CRÉDITOS FINAIS

O orzamento da Universidade de Vigo recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Universidade así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio. O orzamento reflicte, pois, o conxunto de gastos que se pretenden realizar durante o exercicio económico e o detalle de ingresos que se prevén obter para o seu financiamento.

1.1.1. Orzamento de Ingresos

O orzamento inicial do exercicio 2010 foi aprobado por un importe de 176.000.320 € un 3,41% menos que o do exercicio precedente, pese ao valor que acadan os activos financeiros (fundamentalmente remanentes de libre disposición) cun incremento dun 13,96% con respecto ao exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 se recollen os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2010.

Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2010 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.833.018	548.062	16.381.080
IV. Transferencias e subvencións correntes	98.549.919	1.776.607	100.326.526
V. Ingresos patrimoniais	535.000	5856,39	540.856
OPERACIONS CORRENTES	114.917.937	2.330.525	117.248.462
VII.-Transferencias e subvencións capital	39.458.798	346.248	39.805.046
OPERACIÓNS DE CAPITAL	39.458.798	346.248	39.805.046
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	154.376.735	2.676.773	157.053.508
VIII. Variación de activos financeiros	21.623.585	19.956.478	41.580.063
IX. Variación de pasivos financeiros	0	0	0
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	21.623.585	19.956.478	41.580.063
TOTAL	176.000.320	22.633.252	198.633.572

Ao longo do exercicio se realizaron modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 22.633.252 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro 1 se detallan por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas e na terceira columna se reflicten os créditos definitivos, resultado de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito, e que supoñen unhas previsións

definitivas de ingresos de 198.633.572 €. Esta cifra supón un incremento dun 12,86% sobre a cifra inicialmente orzamentada (porcentaxe similar a do exercicio precedente).

A partida máis importante dentro das modificacións é a referida á incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2009 que supón 19,96 millóns de euros (importe similar ao do exercicio precedente).

1.1.2. Orzamento de Gastos

Debido ao equilibrio orzamentario, o orzamento definitivo de gastos é idéntico ao de ingresos, acadando a cifra de 198.633.572 €. No cadro 2 se recollen os créditos iniciais, as modificacións e os créditos definitivos.

Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2010 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	99.336.400	190.950	99.527.350
II. Gastos correntes en bens e servizos	28.496.842	3.282.052	31.778.894
III. Gastos financeiros	73.003	241.870	314.873
IV. Transferencias correntes	6.844.045	2.043.126	8.887.171
V. Fondo de continxencia	500.000	-498.891	1.109
OPERACIÓNS CORRENTES	135.250.290	5.259.107	140.509.397
VI. Investimentos reais	38.123.029	14.726.409	52.849.438
VII. Transferencias capital	0	96.170	96.170
OPERACIÓNS DE CAPITAL	38.123.029	14.822.579	52.945.608
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	173.373.319	20.081.685	193.455.004
VIII. Activos financeiros	90.001	2.451.166	2.541.167
IX. Pasivos financeiros	2.537.000	100.400	2.637.400
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.627.001	2.551.566	5.178.567
TOTAL	176.000.320	22.633.252	198.633.572

As modificacións de crédito realizadas poden agruparse en tres grandes bloques:

a) Xeracións de crédito por ingresos.

Estas modificacións son consecuencia da achega á universidade de maior importe de ingresos que os orzamentados ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que foron acadados para actuacións específicas. Entre estas xeracións podemos incluír o financiamento acadado para congresos ou outras actividades de investigación, cursos de formación, maior recadación por matrículas, etc. O importe destas modificacións no exercicio 2010 foi de 2.676.773 €

b) Incorporacións de remanentes.

O importe das incorporacións de remanente de crédito acadou un total de 19.956.478 € que é o resultado da incorporación de remanentes específicos (proxectos de investigación, departamentos, compromisos que non acadaron a fase O e ingresos específicos, etc.) e dos expedientes de ampliacións de crédito procedentes do remanente de libre disposición aprobadas polo Consello de Goberno.

c) Transferencias de crédito.

Pola súa propia definición as transferencias de crédito son unha suma cero, xa que son traspasos de crédito dunha aplicación orzamentaria a outra, polo tanto o que supón un incremento de crédito na aplicación que recibe implica unha diminución polo mesmo importe na que transfere. O importe das transferencias de crédito foi de 1.646.826 €

No Cadro 3 móstrase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2006 a 2010. Hai que resaltar que neste exercicio consolídase a redución do volume das modificacións orzamentarias, fundamentalmente das transferencias de crédito, que no bienio 2009-2010 tenden a diminuír tanto en termos absolutos coma relativos con respecto ao período precedente.

Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2006-2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
Presuposto inicial	144.360.932	152.435.357	174.183.672	182.217.836	176.000.320
Modificacións presupuestarias	27.450.450	37.418.932	33.368.862	21.932.355	22.633.252
<i>Xeracións de crédito</i>	<i>4.065.494</i>	<i>14.548.697</i>	<i>5.906.409</i>	<i>2.516.699</i>	<i>2.676.773</i>
<i>Incorporación de remanentes</i>	<i>23.384.956</i>	<i>22.870.236</i>	<i>28.272.453</i>	<i>19.415.656</i>	<i>19.956.478</i>
<i>Transferencias de crédito</i>	<i>15.915.050</i>	<i>19.727.518</i>	<i>20.463.717</i>	<i>581.725</i>	<i>1.646.826</i>
Presuposto definitivo	171.811.382	189.854.289	207.552.534	204.150.191	198.633.572

O volume de modificacións orzamentarias deberá diminuír nos próximos exercicios produto da mellora do sistema de elaboración dos orzamentos e da progresiva introdución de novas medidas de xestión orzamentaria cara a mellora da xestión económico-orzamentaria da Universidade.

I.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O apartado anterior permitiu coñecer o orzamento definitivo da Universidade de Vigo engadindo ás previsións iniciais as modificacións realizadas ao longo do exercicio. Neste apartado determinarase o

grao de cumprimento do orzamento. Para isto cómpre cuantificar os dereitos e as obrigas recoñecidas así como o saldo e o resultado orzamentario.

Os **dereitos recoñecidos** netos son os créditos existentes a favor da Universidade de Vigo, que poden estar xa recadados, ou ben recoñecidos e pendentes de cobro, segundo o principio de devengo utilizado na contabilidade do orzamento de ingresos. Como se observa no Cadro 5, os dereitos recoñecidos netos ascenderon en 2010 a 157.969 m€€, destes se recadaron durante o ano 145.379 m€€ o 92,03% (no exercicio 2009 se acadou unha porcentaxe do 86,93%), quedando pendentes de cobro a 31 de decembro de 2010 un importe de 12.590 m€€. No exercicio se mellorou na xestión dos ingresos.

As **obrigas contraídas** netas son as contraídas pola Universidade de Vigo como consecuencia da realización de gastos correntes ou de capital e, como pode comprobarse no cadro 7, ascenderon en 2010 a 169.781 m€€ dos que se pagaron a 31 de decembro 169.777, case que o 100% (no exercicio 2009 se acadou unha porcentaxe do 96,71%), quedando pendentes de pago 380 m€€. No exercicio se mellorou na xestión dos pagos.

Outros dous conceptos importantes son o **saldo orzamentario** e o **resultado orzamentario**. O **resultado orzamentario** é a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas recoñecidas netas do mesmo exercicio, exceptuando os pasivos financeiros. No exercicio 2010 o **resultado orzamentario** acadou a cifra de **(-)10.993.040 €**

O **saldo orzamentario** obtense engadindo ao resultado orzamentario a variación dos pasivos financeiros. Durante o exercicio 2010 existiu unha variación negativa dos Pasivos Financeiros de (-)818.781 € sendo o **saldo orzamentario** do exercicio negativo e acadando un valor de **(-)11.811.821€**

Se ao saldo orzamentario lle sumamos os créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería, 41.580.063 € obtense o **superávit do exercicio** que no 2010 ascendeu á cantidade de **29.768.242€** No cadro 4 se recollen estes resultados.

Cadro 4. Resultado e Saldo orzamentario. Ano 2010 (€)

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Diferencia
1. (+) Operacións non financeiras	156.109.505	164.652.853	-8.543.349
2. (+) Operacións con activos financeiros	41.124	2.490.815	-2.449.691
I. Resultado orzamentario do exercicio (1+2)	156.150.628	167.143.668	-10.993.040
II. Variación neta de pasivos financeiros	1.818.577	2.637.358	-818.781
III. Saldo orzamentario do exercicio (I+II)			-11.811.821
(+) Créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería			41.580.063
IV. Superávit do exercicio			29.768.242

A imaxe final do exercicio é congruente coa planificación do orzamento 2010, pese á minoración do orzamento –tanto inicial como definitivo- o recurso ao remanente de libre disposición para atender os gastos previstos, dada a significativa baixada dos ingresos, fai que tanto o resultado coma o saldo orzamentario presenten un resultado negativo.

Para coñecer o grao de execución do orzamento de ingresos debemos comparar os dereitos recoñecidos cos créditos definitivos consignados no orzamento. De xeito análogo, para coñecer o grao de execución do orzamento de gastos debemos comparar as obrigas recoñecidas cos créditos definitivos consignados no orzamento. Nos cadros 5 e 7 realízase esta comparación, figurando na última columna dos mesmos o grao de execución correspondente.

1.2.1. Grao de execución do Orzamento de Ingresos

Os dereitos recoñecidos netos ascenderon a 157.969.205 € que postos en relación co orzamento definitivo sen remanentes de tesourería incorporados que é de 157.053.508 €, dá un grao de execución do orzamento de ingresos de un 100,58%. Isto ven significar que se recoñeceron máis dereitos que os previstos no orzamento definitivo da Universidade. Seguindo cos datos indicados no cadro 5 vexamos como foi o grao de execución polos distintos capítulos de ingresos.

Nos ingresos correntes o grao de execución foi moi elevado, acadando un 99,09%. Debe destacarse o comportamento positivo das taxas, prezos públicos e outros ingresos, cun grao de execución dun 114,08%, ligado á unha recadación por estes conceptos maior ca prevista, que é a que compensa o comportamento dos restantes apartados.

Tamén debe indicarse que a minoración salarial dos traballadores do sector público como consecuencia do Real Decreto-ley 8/2010, de 20 de mayo (BOE nº 126 de 24/5/2010) polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, tivo o seu efecto nos ingresos no apartado de transferencias e subvencións correntes xa que se minoraron as achegas da CC.AA. na mesma contía que as deducións practicadas aos traballadores da Universidade.

Nas operacións de capital (transferencias e subvencións de capital) o grao de execución tamén é alto acadando un 100,32%.

O grao de execución do orzamento de ingresos non financeiros da universidade foi dun 99,40%. Ao sumar as operacións financeiras, correspondentes ás variacións de activos e pasivos financeiros, acádase o grao de execución do 100,58% sen ter en conta os remanentes de tesourería.

Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da Universidade de Vigo. Ano 2010 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Dereitos recoñecidos	Grao de Execución
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.381.080	18.687.357	114,08%
IV. Transferencias e subvencións correntes	100.326.526	97.110.157	96,79%
V. Ingresos patrimoniais	540.856	381.093	70,46%
OPERACIÓNS CORRENTES	117.248.462	116.178.607	99,09%
VII.-Transferencias e subvencións capital	39.805.046	39.930.897	100,32%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	39.805.046	39.930.897	100,32%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	157.053.508	156.109.505	99,40%
VIII. Variación de activos financeiros (sen remanentes de tesourería)	0	41.124	--
IX. Variación de pasivos financeiros	0	1.818.577	--
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0	1.859.700	--
TOTAL (sen remanentes de tesourería)	157.053.508	157.969.205	100,58%
VIII. Variación de activos financeiros (só remanentes de tesourería)	41.580.063	--	--
TOTAL	198.633.571	--	--

Da lectura do cadro 6 despréndese que no ano 2010 dase un cambio de tendencia na evolución seguida nos anteriores exercicios no grao de execución do orzamento de ingresos, cambio no que esta xogando tanto a minoración dos dereitos recoñecidos, polos efectos comentados con anterioridade, como o peso porcentual que acadan os remanentes neste exercicio. Pese o anterior, o nivel de execución do orzamento segue a manterse en un bo nivel ao superar o 100%.

Cadro 6. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2006-2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
Dereitos recoñecidos (A)	144.486.365	152.404.109	168.846.902	176.923.253	157.969.204
Orzamento definitivo (B)	171.811.381	189.854.289	207.552.534	204.150.190	198.633.572
% de execución	84,10%	80,27%	81,35%	86,66%	79,53%
Orzamento definitivo (excepto remanentes) (B)	144.626.426	151.698.552	166.894.747	165.760.600	157.053.508
% de execución	99,90%	100,50%	101,20%	106,73%	100,58%

1.2.2. Grao de execución do Orzamento de Gastos

No que se refire ao grao de execución do orzamento de gastos, este acada un valor medio do 85,47%. No exercicio mellorouse o nivel de execución do orzamento en tódolos apartados, salvo no caso dos gastos de persoal –o de maior peso no orzamento–, o cal permitiu compensar o anómalo comportamento deste apartado afectado polas consecuencias da aplicación das medidas contempladas no Real Decreto-ley 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas excepcionais para a redución do déficit público.

Pese o anterior se facemos a comparativa por capítulos a maior porcentaxe de execución segue a correspóndelle ao Capítulo I, “Gastos de persoal”, cun 94,81% (acadou un 99,95% no exercicio 2009), coa salvedade do Capítulo III de menor relevancia económica, mentres que o Capítulo VI, “Investimentos reais”, acada o 66,80% (acadou un 56,63% no exercicio 2009).

O resultado é produto dunha mellora na técnica orzamentaria que fai que se camiñe na liña de axustar a realidade á previsión, se ben mantense para os efectos dos gastos asociados aos proxectos de investigación que esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio orzamentario no que se acada a financiación e para os efectos dos retrasos sobor da programación prevista na execución das obras, o que provoca o traslado de parte do gasto comprometido ao exercicio seguinte a través dos remanentes de crédito.

Cadro 7. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2010 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	99.527.350	94.357.559	94,81%
II. Gastos correntes en bens e servizos	31.778.894	27.359.655	86,09%
III. Gastos financeiros	314.873	314.825	99,98%
IV. Transferencias correntes	8.887.171	7.222.178	81,27%
V. Fondo de continxencia	1.109	0	0,00%
OPERACIÓNS CORRENTES	140.509.397	129.254.216	91,99%
VI. Investimentos reais	52.849.438	35.302.467	66,80%
VII. Transferencias de capital	96.170	96.170	100,00%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	52.945.608	35.398.637	66,86%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	193.455.004	164.652.853	85,11%
VIII. Activos financeiros	2.541.167	2.490.815	98,02%
IX. Pasivos financeiros	2.637.400	2.637.358	100,00%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.178.567	5.128.172	99,03%
TOTAL	198.633.572	169.781.026	85,47%

Dada a posibilidade, establecida nas Normas de Execución do orzamento, de incorporar os créditos que se atopan en fase D de compromiso de gasto (con este documento vincúlase á Universidade a realizar un gasto concreto e de contía determinada), convén observar o grao de execución do orzamento tendo en conta se o crédito quedou comprometido (cadro 8).

O gasto comprometido ascendeu a 175.349.664 € o que supón o 88,28% do orzamento definitivo (86,62% no exercicio anterior). Deste gasto comprometido, un 96,82% é gasto obrigado (2,2 puntos porcentuais por riba do anterior exercicio), polo que se atopa en Fase O de recoñecemento da obriga (cando o terceiro que contratou ca Universidade realizou a prestación á que se comprometeu).

Cadro 8. Créditos dispostos do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2010 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Créditos dispostos	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	99.527.350	94.358.850	94,81%
II. Gastos correntes en bens e servizos	31.778.894	28.996.170	91,24%
III. Gastos financeiros	314.873	314.825	99,98%
IV. Transferencias correntes	8.887.171	8.206.071	92,34%
V. Fondo de continxencia	1.109	0	0,00%
OPERACIÓNS CORRENTES	140.509.397	131.875.915	93,86%
VI. Investimentos reais	52.849.438	38.249.407	72,37%
VII. Transferencias de capital	96.170	96.170	100,00%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	52.945.608	38.345.577	72,42%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	193.455.004	170.221.492	87,99%
VIII. Activos financeiros	2.541.167	2.490.815	98,02%
IX. Pasivos financeiros	2.637.400	2.637.358	100,00%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.178.567	5.128.172	99,03%
TOTAL	198.633.572	175.349.664	88,28%

No cadro 9 pode observarse a evolución do nivel de execución do orzamento de gastos desde o ano 2006. Tanto se atendemos á fase de obriga, como á de compromiso, apreciase unha mellora no grao de execución neste exercicio, consolidando e mellorando a tendencia dos últimos exercicios.

Cadro 9. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2006-2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Obrigas recoñecidas	129.920.188	145.456.901	171.232.864	167.239.407	169.781.026
B. Orzamento definitivo	171.811.381	189.854.289	207.552.534	204.150.190	198.633.572
% de execución (A/B)	75,62%	76,62%	82,50%	81,92%	85,47%
C. Créditos comprometidos	142.480.127	160.043.080	183.027.439	176.831.603	175.349.664
% de execución (C/B)	82,93%	84,30%	88,18%	86,62%	88,28%

1.2.3. Comparativa dos ingresos respecto ao ano anterior

Os ingresos da universidade teñen un decrecemento dun (-) 10,71%, pero non tódalas partidas compórtanse igual tal e como pode verse no cadro 10, así apréciase un forte crecemento nas “Transferencias e subvencións de capital”, que contrasta coa imponente minoración nas restantes partidas absoluta e relativa que se da nas restantes partidas.

Resaltar que o forte decrecemento nas “Tasas, prezos públicos e outros ingresos” é enganoso, xa que os ingresos ordinarios creceron no exercicio, pero o resultado final do apartado é negativo debido a que no exercicio 2009 computáronse ingresos extraordinarios por valor de 9M€ asociados ao recoñecemento da facenda pública da débeda xerada polos ingresos indebidos do I.V.E. nos exercicios 2005-2009.

Cadro 10. Comparativo dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2010 e 2009 (€)

Capítulos	2010	2009	% de variación
III. Tasas, prezos públicos e outros ingresos	18.687.357	26.179.723	-28,62%
IV. Transferencias e subvencións correntes	97.110.157	112.744.988	-13,87%
V. Ingresos patrimoniais	381.093	554.629	-31,29%
OPERACIONES CORRENTES	116.178.607	139.479.340	-16,71%
VII.-Transferencias e subvencións capital	39.930.897	33.841.433	17,99%
OPERACIÓN DE CAPITAL	39.930.897	33.841.433	17,99%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	156.109.505	173.320.773	-9,93%
VIII. Variación de activos financeiros	41.124	47.564	-13,54%
IX. Variación de pasivos financeiros	1.818.577	3.554.917	-48,84%
OPERACIÓN FINANCEIRAS	1.859.700	3.602.481	-48,38%
TOTAL	157.969.205	176.923.253	-10,71%

No cadro 11 pode observarse a evolución dos ingresos globais da universidade dende o ano 2006 e apréciase que neste exercicio romperse a tendencia crecente dos ingresos, tanto pola minoración dos ingresos ordinarios (fundamentalmente das achegas da Xunta de Galicia que caeron por valor de 9.444m€) como pola excepcionalidade do ingreso asociado ao novo modelo de xestión do IVE implementado no exercicio 2009.

Cadro 11. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2006 a 2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
Ingresos (dereitos recoñecidos)	148.852.850	152.404.109	168.846.901	176.923.253	157.969.205
% variación anual	49,38%	2,39%	10,79%	4,78%	-10,71%

1.2.4. Comparativa dos gastos respecto ao ano anterior

Polo que respecta ao gasto, as obrigas contraídas acadaron o valor de 169.781.026 € cun crecemento próximo aos 2,5 M€ respecto do 2009, o que supón, en termos porcentuais, unha variación positiva do 1,52%. Nunha análise máis detallada da información contida no cadro 12 cabe resaltar:

- Por vez primeira os gastos de persoal minóranse con respecto ao exercicio precedente polas causas comentadas con anterioridade.
- O importante crecemento do gasto no capítulo IV vencellado a política de impulso das bolsas, subvencións e transferencias adoptada pola Universidade.
- O crecemento do gasto nas operacións financeiras vencellado tanto ao incremento do ritmo nas devolucións dos préstamos para xeración de nova infraestrutura e equipamento científico (produto do vencemento dos períodos de carencia iniciais), como a participación da Universidade na ampliación de capital de CUSA.

Cadro 12. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2010 e 2009 (€)

Capítulos	2010	2009	% de variación
I. Gastos de persoal	94.357.559	95.625.494	-1,33%
II. Gastos correntes en bens e servizos	27.359.655	28.015.119	-2,34%
III. Gastos financeiros	314.825	115.700	172,10%
IV. Transferencias correntes	7.222.178	6.289.046	14,84%
OPERACIÓNS CORRENTES	129.254.216	130.045.358	-0,61%
VI. Investimentos reais	35.302.467	34.683.153	1,79%
VII. Transferencias de capital	96.170	353.853	--
OPERACIÓNS DE CAPITAL	35.398.637	35.037.006	1,03%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	164.652.853	165.082.365	-0,26%
VIII. Activos financeiros	2.490.815	507.900	390,41%
IX. Pasivos financeiros	2.637.358	1.649.142	59,92%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.128.172	2.157.042	137,74%
TOTAL	169.781.026	167.239.407	1,52%

No cadro 13 pode observarse a evolución dos gastos globais da universidade dende o 2006. Neste exercicio o recurso ao incremento do uso do remanente de libre disposición coma fonte de financiación do orzamento de gastos, máis o maior nivel de execución de dito orzamento, fai que se establezca o nivel

das obrigas acadadas con respecto ao exercicio precedente, situación de difícil continuidade en exercicios posteriores.

Cadro 13. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2006 a 2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
Gastos (obrigas recoñecidas)	129.920.188	145.456.902	171.232.864	167.239.407	169.781.026
% variación anual	19,48%	11,96%	17,72%	-2,33%	1,52%

Se facemos unha análise polo miúdo e polo que respecta á partida máis importante en termos de volume, os **gastos de persoal**, o seu importe acadou no 2010 os 94.357.559 € o que supón que por primeira vez se da un decremento na partida, o cal acaba o valor de 1.267,935 € en termos absolutos e dun 1,33% porcentual respecto do ano 2009 (ver cadro 14).

Cadro 14. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2010 e 2009 (€)

Denominación	2010	Importe da variación s/ 2009	% de variación s/ 2009	2009
Altos cargos e persoal eventual	449.597	-59.142	-11,63%	508.739
Funcionarios	53.308.275	-463.736	-0,86%	53.772.012
Laborais	10.089.261	-1.211.251	-10,72%	11.300.512
Outro Persoal	18.093.278	408.299	2,31%	17.684.978
Incentivos ao rendemento	728.040	26.592	3,79%	701.448
Gastos Sociais	11.689.108	31.304	0,27%	11.657.804
TOTAL	94.357.559	-1.267.935	-1,33%	95.625.494

As minoracións porcentuais máis salientables danse na partida de Altos Cargos e Persoal Eventual e no persoal laboral se ben neste caso cabe recordar que no exercicio 2009 imputáronse os custos do acordo de homoxeneización salarial acadado no AGA o que se sumaba ao gasto trasladado do exercicio 2008 ao 2009, nesta partida, por unha infrapresupuestación no exercicio inicial.

No referido ao **gasto en bens e servizos correntes** alcanzou un importe de 27.359.655 € cun decremento de 655.464 € respecto ao 2009 e unha variación porcentual negativa dun 2,34%. Como se pode ver no cadro 15 os maiores decrementos en termos absolutos danse na partida de reparacións e conservación e en termos porcentuais na partida de concertos e programas de cooperación.

Cadro 15. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2010 e 2009 (€)

Denominación	2010	Importe da variación s/ 2009	% de variación s/ 2009	2009
Arrendamentos	149.227	-126.220	-45,82%	275.447
Reparacións e conservación	3.375.714	-432.199	-11,35%	3.807.913
Material, subministracións e outros	21.586.499	103.538	0,48%	21.482.961
Indemnización por razón de servizo	892.930	97.294	12,23%	795.637
Concertos e programas de cooperación	676.838	-259.671	-27,73%	936.508
Publicacións	159.757	-672	-0,42%	160.429
Plan de Calidade Docente	518.690	-37.535	-6,75%	556.225
TOTAL	27.359.655	-655.464	-2,34%	28.015.119

Os **gastos financeiros** (capítulo III) ascenderon a 314.825 € e corresponden principalmente a xuros de demora e outros gastos financeiros, segun a ter un baixo importe no orzamento de gastos.

O **gasto en transferencias correntes** alcanzou un importe de 7.222.178 € cun incremento de 933.132 € respecto ao 2009 e unha variación porcentual dun 14,84% (ver cadro 16).

Séguese a manter nunha situación económica desfavorable a liña de traballo e o compromiso establecido pola Universidade en exercicios precedentes, cunha clara aposta pola internacionalización e polo programa de bolsas e axudas, ao que se suma neste exercicio o programa de colaboración coas restantes universidades do Sistema Galego de Universidades a través do CIXUG.

Cadro 16. Gasto en transferencias correntes. Anos 2010 e 2009 (€)

Denominación	2010	Importe da variación s/ 2009	% de variación s/ 2009	2009
Transferencias a entidades públicas	1.298.971	356.908	37,89%	942.063
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	3.424.524	383.701	12,62%	3.040.823
Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG, etc)	2.498.683	192.523	8,35%	2.306.160
TOTAL	7.222.178	933.132	14,84%	6.289.046

O **gasto en investimentos** no 2010 alcanza os 35.302.467 € cun crecemento dun 1,79% respecto ao 2009 (ver cadro 17).

Neste crecemento ten que ver o maior grado de cumprimento dos prazos de construción e dotación de nova infraestrutura de investigación.

O comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial é oposto, acadando os 19.923.490 € cun decrecemento moderado dun 5,32% respecto ao 2009 (-1.119.884€).

Cadro 17. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2010 e 2009 (€)

Denominación	2010	Importe da variación s/ 2008	% de variación s/ 2008	2009
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	15.378.977	1.739.198	12,75%	13.639.780
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	19.923.490	-1.119.884	-5,32%	21.043.373
TOTAL	35.302.467	619.314	1,79%	34.683.153

I.3. OPERACIÓNS DE EXERCICIOS PECHADOS

No exercicio 2010 leváronse a cabo operacións que correspondían ao exercicio 2009, tanto de cobro ou anulación de dereitos como de pago de obrigas.

Os dereitos de cobro ao inicio do exercicio ascendían a 24.112.351 € durante o exercicio eses dereitos incrementáronse en 1.157.918 € e minoráronse en 1.326.490 €. Ao longo do exercicio recadáronse 22.512.080 € e quedaron pendentes por cobrar 1.431.699 €

As obrigas pendentes de pago ao inicio do exercicio 2010 ascendían a 5.333.010 €. Todas elas foron pagadas ao longo do exercicio 2010 (realizándose o último pago con data 15 de febreiro de 2010).

I.4. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería é unha magnitude financeira que reflicte o exceso ou o déficit de financiamento a curto prazo nunha data determinada, neste caso a fin do exercicio económico. En termos moi xenéricos pódese definir como unha magnitude de carácter financeiro que representa a liquidez a curto prazo que ten a entidade na data de peche do exercicio. Neste senso, o seu importe virá dado pola diferenza entre os créditos a curto prazo, as débedas a curto prazo e, a todo isto, se lle suma as disponibilidades líquidas.

No ámbito da contabilidade das entidades sometidas a réxime orzamentario, o remanente de tesourería ten carácter de recurso orzamentario. Desde o punto de vista orzamentario, o remanente de tesourería podémolo definir como a acumulación de excedentes orzamentarios obtidos ao longo do tempo.

Para o cálculo desta magnitude existen dous procedementos, o denominado por tesourería e o denominado por orzamento, en ámbolos dous casos o importe obtido é o mesmo.

No Cadro 18 preséntase o cálculo polo método de tesourería. O remanente obtense como resultado da diferenza entre os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago, sexan do exercicio corrente ou de exercicios pechados, e sumando a este resultado a tesourería existente a 31 de decembro. Así mesmo, no cadro 19 preséntase o remanente de tesourería por orzamentos, obténdose como a suma do saldo orzamentario do exercicio máis as anulacións de operacións orzamentarias e deducindo as anulacións dos dereitos orzamentarios pechados.

Cadro 18. Remanente de tesourería da UVigo. Anos 2010 e 2009 (€). Cálculo polo método de tesourería

Conceptos	2010	2009
1. (+) Dereitos pendentes de cobro	24.854.530,42	33.337.978,69
- (+) do orzamento corrente	12.561.743,43	23.109.879,47
- (+) de orzamentos pechados	1.431.699,02	1.002.471,34
- (+) de operacións non orzamentarias	10.861.087,97	9.246.339,80
- (+) de operacións comerciais	0,00	0,00
- (-) cobros pendentes de aplicación	0,00	20.711,92
2. (-) Obrigacións pendentes de pagamento	4.582.333,38	11.117.828,63
(-) (+) do orzamento corrente	2.211,76	5.333.099,98
(-) (+) de orzamentos pechados	0,00	5.155,65
(-) (+) de operacións non orzamentarias	4.200.585,79	4.353.331,42
(-) (+) de operacións comerciais	0,00	0,00
(-) (+) obrigacións pendentes de aplicar ó orzamento	379.535,83	1.426.241,58
3. (+) Fondos líquidos	35.512.847,98	44.521.251,24
Saldos de dubidoso cobro	1.548.909,19	1.038.374,28
TOTAL REMANENTE TESOURERÍA (1-2+3)	54.236.135,83	65.703.027,02
I. Remanentes de Tesourería comprometido	48.755.961,23	61.027.665,63
II. Remanentes de Tesourería non afectado	5.480.174,60	4.675.361,39
III. Remanentes de Tesourería total = (I + II)	54.236.135,83	65.703.027,02

O resultado é un remanente de tesourería por importe de 54.236.136 € dos cales 48.755.961 € forman parte do remanente de tesourería afectado. Este remanente unicamente poderá empregarse para dar cobertura aos gastos para os cales se atopan afectados. Os 5.480.175 € restantes conforman o remanente non afectado. Este remanente pode ser empregado pola Universidade para o financiamento do

orçamento de gastos do exercicio seguinte e tamén para financiar modificacións de crédito con cargo ao mesmo.

Cadro 19. Remanente de tesourería da UVigo. Ano 2010 (€). Cálculo polo método de orzamentos.

Conceptos	Importes
Dereitos recoñecidos netos	157.969.204,76
Incremento de dereitos pechados	1.157.918,12
Diminución de dereitos pechados	1.326.489,57
Devolución de ingresos pendentes de pagar	
Total dereitos	157.800.633,31
Obrigas recoñecidas	169.781.025,63
Obrigas pendentes de imputar ao orzamento	379.535,83
Total obrigas	170.160.561,46
Minoración debedores de dubidoso cobro	510.534,91
Remanente do exercicio anterior	65.703.027,02
Obrigas do exercicio anterior imputadas ao orzamento 2009	1.426.241,58
Obrigas da conta fianzas	104,00
Reintegros das contas de pagos xustificar	22.289,82
Axustes presuposto	275,86
Remanente de tesourería	54.236.135,86

Polo que respecta a súa evolución, o remanente total de tesourería decrementouse con respecto ao exercicio precedente, o cal se debe tanto ao ritmo de execución do gasto asociado a un financiamento específico como á utilización do remanente de libre disposición para a financiación do gasto ordinario dos exercicios 2010 e 2011.

II. OPERACIÓNS EXTRA-ORZAMENTARIAS

Segundo a norma contable, poderán xestionarse e contabilizarse como operacións extra-orzamentarias aquelas nas que a actividade da Universidade se limite á realización de función de intermediación na súa xestión. Estas operacións extra-orzamentarias inclúen tanto pagos como ingresos realizados pola Universidade de Vigo, pero que non se aplican ao orzamento xa que a institución actúa como un mero intermediario.

II.1. DEBEDORES EXTRA-ORZAMENTARIOS

O importe dos debedores extra-orzamentarios a 31 de decembro acadou un total de 10.010.795 € tal e como se detalla no cadro 20. Polo seu importe destacan os seguintes conceptos:

- Facenda Pública debedora polas reclamacións de devolución do I.V.E. indebidamente ingresado nos exercicios 2005 a 2008, máis a liquidación do I.V.E. correspondente aos exercicios 2009 e 2010.
- Debedores por I.V.E. repercutido. Fai referencia á liquidación realizada ante a Facenda Pública polo imposto sobre o valor engadido. En concreto, se corresponde con facturas emitidas pola Universidade de Vigo e liquidadas ante a Facenda Pública, pero que están pendentes de cobro a 31 de decembro de 2010 (cando se emite a factura é preceptivo liquidar o IVE correspondente, no momento en que se cobre a factura se recupera o IVE anticipado). O seu importe ascende a 263.613 €
- Debedores por préstamo e anticipos. Refírese ás cantidades anticipadas ao persoal da Universidade, que se recuperan posteriormente nas nóminas mensuais e que supón 43.955 €
- Fianzas. Correspóndese coas fianzas esixidas nos Xulgados correspondentes a diversas reclamacións xudiciais pendentes de resolución.

Cadro 20. Debedores extra-orzamentarios da UVigo a 31/12/2010 (€)

Concepto	Importe
Facenda Publica debedora de IVE	9.472.235
Debedores por IVE repercutido	263.613
Debedores por préstamo e anticipos (persoal)	43.955
Fianzas presentadas (por reclamacións xudiciais)	190.683
Resto (pequenos importes por diversas actividades)	40.308
Total	10.010.795

II.2. ACREDORES EXTRA-ORZAMENTARIOS

O importe dos acredores extra-orzamentarios acadou un total de 4.138.506 € tal e como se recolle no cadro 21. O reparto por orden de importancia é o seguinte:

1. Facenda Pública I.R.P.F.. Correspóndese cos importes que a Universidade retivo por pagos ao persoal no mes de decembro de 2009 e que están pendentes de liquidar á Facenda Pública xa que o prazo finalizou o 20 de xaneiro do 2011. Ascende a 2.291.521€
2. Seguridade Social. Recolle os descontos aos traballadores neste concepto pendentes de liquidar á Seguridade Social e ascenden a 1.330.358 €
3. MUFACE.
4. Dereitos Pasivos.
5. Bolsas por conta do MEC. Recolle os reintegros do Ministerio de Educación por importe de 208.312 €
6. Resto. Recolle pequenos importes por diversas actuacións como, por exemplo, o IVE intracomunitario. Ascende a 54.565 €

Cadro 21. Acredores extra-orzamentarios da UVigo a 31/12/2010 (euros)

Concepto	Importe
Facenda Pública I.R.P.F.	2.291.521
Seguridade Social	1.330.358
Facenda Pública IVE	47
MUFACE	77.201
Derechos Pasivos	176.502
Bolsas por conta MEC	208.312
Resto	54.565
Total	4.138.506

III. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

III.1. RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL E RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO

A conta de resultado económico patrimonial é un estado económico-financieiro onde se amosa o resultado da actividade económica da Universidade. Determinase pola diferenca entre os ingresos (haber) e os gastos (debe) do mesmo período. Este resultado pode ser un aforro se os ingresos superan aos gastos ou un desaforro se ocorre o contrario. A presentación dos ingresos e gastos neste estado defire de cómo se presentan no orzamento. Na contabilidade financeira existen operacións como as provisións que non se rexistran na contabilidade orzamentaria e ademais hai que aplicar o principio de correlación de ingresos e gastos, o que leva a facer axustes temporais nos fluxos de ingresos e gastos. A normativa obriga a que se especifiquen as cifras do exercicio corrente máilas do exercicio anterior.

A Conta de Resultados da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2010 está formada polas partidas que se recollen no cadro 22 cun resultado negativo de 11.146.436,27€ e un resultado significativamente menor ao do exercicio 2009 no que se acadara un resultado positivo de 12.927.037,40€

Cadro 22. Conta de resultados da UVigo 2010-2009 (€)

DEBE			HABER		
Concepto	2010	2009	Concepto	2010	2009
A) GASTOS	167.889.003,69	166.204.433,89	B) INGRESOS	156.742.567,42	179.131.471,29
Gastos funcionamento dos servizos e prest. Sociais	159.136.377,66	159.486.548,89	Vendas e prestacións de servizos	16.680.796,43	17.102.852,69
a) Gastos de persoal	95.084.170,34	94.750.278,84	a) Vendas	0,00	0,00
a.1) Salarios e asimilados	83.396.720,04	83.090.817,74	b) Prestacións de servizos	16.680.796,43	17.102.852,69
a.2) Cargas sociais	11.687.450,30	11.659.461,10	b.1) Prest. Serv. Dereito privado	0,00	0,00
b) Prestacións sociais	0,00	0,00	b.2) Prezos públicos por servizos académicos	16.680.637,54	17.068.904,76
c) Dotación para amortización inmovilizado	31.832.383,84	32.906.684,35	b.3) Outros prezos públicos	158,89	33.947,93
d) Variación de provisións de tráfico	510.812,35	988.485,53	c) Devolucións e rappels sobre vendas		
d.1) Variación prov. Existencias	0,00	0,00	Aumento de existencias		
d.2) Variacións prov. de créditos incobrables	510.812,35	988.485,53	Ingresos de xestión ordinaria		

d.3) Variación prov. Devolución de ingresos	0,00	0,00
e) Outros gastos de xestión	30.944.737,30	30.226.430,52
e.1) Servizos exteriores	30.901.308,34	30.138.176,21
e.2) Tributos	16.183,96	75.062,31
e.3) Outros gastos de xestión contable	27.245,00	13.192,00
f) Gastos financeiros e asimilados	314.824,96	115.699,97
f.1) Por débedas	314.824,96	115.699,97
f.2) Pérdas de investimentos financeiros	0,00	0,00
g) Variación das prov. De investimentos financeiros	449.448,87	498.969,68
Transferencias e subvencións	7.321.194,22	6.607.310,50
a) Transferencias correntes	52.060,00	127.460,00
b) Subvencións correntes	7.172.964,22	6.125.997,49
c) Transferencias de capital	0,00	0,00
d) Subvencións de capital	96.170,00	353.853,01
Pérdas e gastos extraordinarios	1.431.431,81	110.574,50
a) Pérdas procedentes do inmovilizado	104.814,68	84.812,50
b) Pérdas por operacións de endebedamento	0,00	0,00
c) Gastos extraordinarios	0,00	0,00
d) Gastos e pérdas doutros exercizos	1.326.617,13	25.762,00
AHORRO	0,00	12.927.037,40

a) Ingresos tributarios		
a.1) Taxas por prestacións de servizos		
a.2) Contribucións especiais		
b) Cotizacións sociais		
Outros ingresos de xestión ordinaria	1.862.609,40	1.189.388,79
a) Reintegros	1.328.730,58	113.039,62
b) Traballos realizados pola entidade	0,00	0,00
c) Outros ingresos de xestión	193.470,13	589.278,04
c.1) Ingresos accesorios	193.470,13	589.278,04
c.2) Excesos de provisións e riscos	0,00	0,00
d) Ingresos de participacións en capital	0,00	0,00
e) Ingresos de valores negociables	0,00	0,00
f) Xuros e ingresos asimilados	340.408,69	487.071,13
f.1) Xuros de contas ctes	340.408,69	487.071,13
f.2) Beneficios de investimentos financeiros	0,00	0,00
g) Diferencias positivas de cambio	0,00	0,00
Transferencias e Subvencións	137.041.243,47	146.779.148,04
a) Transfencias correntes	57.086,00	423.800,00
b) Subvencións correntes	97.053.259,99	112.320.999,40
c) Transferencias de capital	1.628.743,00	1.985.616,43
d) Subvencións de capital	38.302.154,48	32.048.732,21
e) Outras subvencións de capital	0,00	0,00
Garancias e Ingresos extraordinarios	1.157.918,12	14.060.081,77
a) Beneficios procedentes do inmovilizado	0,00	0,00
b) Beneficios por operacións de endebedamento	0,00	0,00
c) Ingresos extraordinarios	0,00	8.770.321,27
d) Ingresos e beneficios doutros exercizos	1.157.918,12	5.289.760,50
DESAFORRO	11.146.436,27	0,00

III.2. BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/2010

O Balance é un estado económico-financieiro onde se amosa a situación patrimonial da Universidade a 31 de decembro de 2010. Por unha banda, no Activo reflíctense os activos e dereitos ao seu favor ordenados de menor a maior liquidez. Por outra, no Pasivo reflíctense as fontes que financian o activo ordenados de menor a maior esixibilidade. Tamén neste caso a normativa esixe que se especifiquen as cifras do exercicio corrente mailas do exercicio anterior.

Un resumo por grandes masas patrimoniais do balance móstrase no Esquema 1. O **activo** é o conxunto de bens e dereitos que son propiedade da universidade. Os activos teñen un valor a 31 de decembro de 2010 de 293.459.795 € Dentro dos activos temos:

- O **inmobilizado** que é o conxunto de elementos patrimoniais que teñen carácter permanente y que non están destinados á venda (edificios, maquinaria, investimentos financeiros estables, etc). O valor do immobilizado neto é de 232.955.712 € que representa o 79,38% dos activos.

- O **activo circulante** é o conxunto de bens e dereitos que son líquidos ou que poden converter en líquidos nun prazo inferior a un ano (existencias, débedas a cobrar, tesourería, etc.). O activo circulante ten un valor de 60.504.083 € e representa o 20,62% do activo total.

Esquema 1. Balance por grandes masas patrimoniais do Balance de Situación a 31/12/2009 da Uvigo.

ACTIVO 293.459.795 €	INMOBILIZADO 232.955.712 €	FONDO DE MANOBRA 42.104.611 €	RECURSOS PERMANENTES 275.060.323 €	FONDOS PROPIOS 259.961.141 €
	ACTIVO CIRCULANTE 60.504.083 €			PASIVO A L. P. 15.099.182 €

Os activos da universidade son financiados mediante:

- **Fondos propios** que é o valor do financiamento propio e non esixible por terceiros (patrimonio inicial, patrimonio cedido, aforro neto producidos en cada exercicio, etc). Expresado doutra forma, os

fondos propios da universidade serían a diferenza entre o valor do seu activo (bens e dereitos da súa propiedade) menos as obrigas monetarias que ten con terceiros. O valor dos fondos propios a 31 de decembro é de 259.961.141 € e representa o 88,58% do financiamento da universidade

- **Pasivo a longo prazo** que é o conxunto das obrigas monetarias que ten a institución con terceiros e que teñen un vencemento superior a 1 ano. O seu valor é de 15.099.182 € representando o 5,15% das fontes de financiamento da institución.

- **Pasivo circulante** que é o conxunto das obrigas monetarias que ten a institución con terceiros pero cun vencemento inferior a 1 ano. O seu valor é de 18.399.472 € representando o 6,27% do financiamento da universidade.

Os **recursos permanentes** son os fondos de financiamento que permanecen na institución máis alá dun exercicio económico. Estaría formado polos fondos propios e o pasivo a longo prazo. O seu valor a 31 de decembro é de 275.060.323 € e representan o 93,73% do financiamento da universidade.

O **fondo de manobra** é o valor dos recursos permanentes que financian o activo circulante ou, doutra forma, a diferenza entre o activo circulante e o pasivo circulante. É un valor que mostra a capacidade que ten a institución para continuar co normal desenvolvemento a curto prazo das súas actividades. O seu valor a 31 de decembro é de 42.104.611 €. O 69,6% do activo circulante atópase financiado a longo prazo.

O **patrimonio neto** representa a diferenza entre o Activo real e o Pasivo esixible. Obtense por diferenza entre as partidas do activo e pasivo do balance, ascendendo a 31 de decembro a 275.060.323 €

Cadro 23. Balance de situación da UVigo a 31 de decembro de 2010 e 2009 (€)

ACTIVO			PASIVO		
Concepto	2010	2009	Concepto	2010	2009
INMOBILIZADO	232.955.712,40	232.922.831,65	FONDOS PROPIOS	259.961.141,44	271.107.577,71
Inmobilizado inmaterial	710.452,30	578.048,25	Patrimonio	271.107.577,71	258.180.540,31
1.Gastos de investigación e desenvolvemento	140.838.029,44	122.213.832,85	1. Patrimonio	269.944.777,29	257.017.739,89
2.Propiedade industrial	91.999,60	91.999,60	2.Patrimonio recibido en cesión	2.789.444,84	2.789.444,84
3. Aplicacións informáticas	1.763.075,32	1.453.214,04	3. Patrimonio entregado en cesión	-1.626.644,42	-1.626.644,42
Amortizacións	141.982.652,06	123.180.998,24	Resultados do exercicio	-11.146.436,27	12.927.037,40
Inmobilizado material	224.877.099,27	226.978.236,16	ACREDORES A LONGO PRAZO	15.099.182,11	15.810.963,22
1. Terreos e construcións	222.515.648,64	219.443.816,43	Outras débedas a longo prazo	15.099.182,11	15.810.963,22
2.Instalacións técnicas e maquinaria	85.681.101,74	81.198.458,15	1. Outras débedas(anticipos Mec)	15.099.182,11	15.810.963,22
3.Ferramentas e mobiliario	37.050.677,11	35.963.153,87	ACREDORES A CURTO PRAZO	18.399.471,66	24.769.958,00
4. Outro inmovilizado	53.955.139,28	52.841.014,66	Acredores	7.012.345,82	13.675.820,20
Amortizacións	174.325.467,50	162.468.206,95	1.Acredores orzamentarios	381.747,59	6.764.497,21
Investimentos financeiros permanentes	7.368.160,83	5.366.547,24	2. Acredores non orzamentarios	209.354,72	423.022,00
1.Carteira de Valores a longo prazo	9.169.631,72	6.718.465,26	3.Administracións públicas acrad	3.991.243,21	3.930.309,42
2.Fianzas e depósitos a longo prazo	190.682,96	190.786,96	4.Outros acredores	2.430.000,30	2.557.711,92
Provisións	-1.992.153,85	-1.542.704,98	5. Fianzas e depósitos recibidos	0,00	279,65
ACTIVO CIRCULANTE	60.504.082,81	78.765.667,28	Axustes por periodificación	11.387.125,84	11.094.137,80
Debedores	24.945.719,16	34.197.425,03			
1. Debedores orzamentarios	13.993.442,45	24.112.350,81			
2. Debedores non orzamentarios	1.987.962,17	2.353.109,41			
3.Administracións públicas debedoras	10.513.223,73	8.770.321,27			
4. Outros debedores	0,00	17,82			
Provisións	-1.548.909,19	-1.038.374,28			
Investimentos financeiros temporais	45.515,67	46.991,01			
1. Outros investimentos financeiros temporais	45.515,67	46.991,01			
Tesourería	35.512.847,98	44.521.251,24			
TOTAL XERAL	293.459.795,21	311.688.498,93	TOTAL XERAL	293.459.795,21	311.688.498,93

IV. SITUACIÓN DA TESOURERÍA

O Estado de Fluxos de Tesourería recolle información dos fluxos de Tesourería durante un período de tempo. Contén, polo tanto, información separada dos cobros e pagos, diferenciando os mesmos en razón da súa procedencia. No movemento de fondos producido durante o exercicio hai que incluír todos os cobros e pagos orzamentarios e extra-orzamentarios de 2010, así como os pendentes dos exercicios 2009 e anteriores.

As disponibilidades financeiras da Universidade, nun momento dado, reflicten as posibilidades da mesma para facer fronte ás obrigas de pago que vencen e que deben ser satisfeitas.

Os movementos de fondos do ano 2010 se detallan nos cadros 24 e 25. Como se pode observar, das obrigas pendentes no exercicio anterior, pagáronse 5.333.100 € non quedando pendente de pago ningunha cantidade. Polo que respecta aos dereitos de exercicios anteriores, cobráronse 22.512.080 € e quedan pendentes de cobro 1.431.699 €

Cadro 24. Fluxo neto de tesourería no exercicio 2010 (€)

PAGOS	IMPORTE	COBROS	IMPORTE
1. Operacións de xestión	129.348.284,62	1. Operacións de xestión	145.051.635,18
2. Adquisición de inmovilizado	35.302.356,89	2. Débedas a l/p	287.052,65
4. Investimentos financeiros permanentes	2.490.814,60	5. Alleamento investimentos financeiros c/p	0,00
5. Adquisición de investimentos financeiros a c/p	0,00	6. Orzamentos pechados	22.512.080,34
7. Orzamentos pechados	5.333.099,98	7. Contas non orzamentarias	429.585.820,10
8. Contas non orzamentarias	431.374.211,18	8. Outros cobros financeiros	41.123,50
9. Pasivos financeiros	2.637.357,76		
TOTAL PAGO	606.486.125,03	TOTAL COBROS	597.477.711,77
SUPERÁVIT DE TESOURERÍA			-9.008.413,26

Cadro 25. Estado da tesourería da UVigo a 31.12.2010 (€)

Concepto	Importe
1. COBROS	597.477.712
(-) (+) do orzamento corrente	145.379.811
(-) (+) de orzamentos pechados	22.512.080
(-) (+) de operacións non orzamentarias	429.585.820
(-) (+) diferenca saldo contas anticipos I-XII	0
2. PAGOS	606.486.125
(-) (+) do orzamento corrente	169.778.814
(-) (+) de orzamentos pechados	5.333.100
(-) (+) de operacións non orzamentarias	431.374.211
I. Fluxo neto de Tesourería do exercicio (1-2)	-9.008.413
3. Saldo inicial de Tesourería	44.521.261
II. Saldo final de Tesourería (I+3)	35.512.848

O **saldo da tesourería** a 31 de decembro de 2010 é de 35.512.848 € dos que 18.471.870 € están en contas correntes e 17.050.978 € están en imposicións a prazo para os efectos de rendibilidade. Do importe en conta corrente, 515.192 € corresponden á dotación das diferentes contas de anticipos a xustificar dos centros e a contas de pagos a xustificar, o resto, 34.997.656 € é o importe da tesourería corrente da universidade.

V. INDICADORES

Como complemento ao resto da información contida na Memoria, nesta sección se recollen unha serie de indicadores que reflicten dun xeito sintético a evolución da situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade nos últimos anos e ata o exercicio 2010.

V.1. INDICADORES ORZAMENTARIOS E FINANCEIROS

Indicador de resultados

Este indicador reflicte a porcentaxe de ingresos ordinarios que non se dedica a financiar gasto ordinario, o que da lugar ao resultado corrente do exercicio. Como se pode comprobar no cadro 26, este índice ten neste ano un valor negativo, acadando un valor de -11,25% neste exercicio. Isto é produto da significativa minoración dos ingresos correntes, acompañada, pero non na mesma porcentaxe, da minoración nos gastos correntes.

Cadro 26. Indicador de resultados, 2006-2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Ingresos ordinarios	105.209.573	120.895.661	129.752.722	139.479.338	116.178.605
B. Gastos ordinarios	96.532.884	108.142.336	117.212.649	130.045.357	129.254.215
C. Resultado corrente (A-B)	8.676.689	12.753.325	12.540.073	9.433.981	-13.075.610
D. Indicador (C/A)	8,25	10,55	9,66	6,76	-11,25

Indicadores de cumprimento

Estes indicadores recollen o grao de cumprimento na recadación dos dereitos recoñecidos así como no pago das obrigas contraídas.

O comportamento dos cobros, tal e como se ve no cadro 27, mellora neste exercicio ao acadar o 92,03% pese a que o orzamento de ingresos depende en grande medida das transferencias doutras administracións públicas sobre as que é imposible exercitar ningunha acción de cobro e que a universidade, aínda que é unha administración pública, non ten o poder coercitivo que teñen as administracións públicas territoriais.

Cadro 27. Grao de cumprimento dos cobros 2006-2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Dereitos cobrados	133.265.006	139.188.427	151.137.278	153.795.139	145.379.811
B. Dereitos recoñecidos	144.486.365	152.404.109	168.861.430	176.923.253	157.969.204
C. Indicador (B/A)	92,23	91,33	89,50	86,93	92,03

O mesmo ocorre co comportamento dos pagos, tal e como se ve no cadro 28. Acadando o indicador neste exercicio a porcentaxe do 100%, o que significa que a Universidade cumpre co pago das súas obrigas e que dito ratio e dificilmente mellorable. A mellora, ao non ter dificultades na tesourería, e debido ás decisións adoptadas para garantir o trámite na data real de tódalas operacións, inclusive as que se realizan ao peche do exercicio.

Cadro 28. Grao de cumprimento dos pagos 2006-2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Obrigas pagadas	128.957.444	142.305.594	168.162.543	161.906.307	169.778.814
B. Obrigas recoñecidas	129.920.188	145.456.901	171.232.864	167.239.407	169.781.026
C. Indicador (B/A)	99,26	97,83	98,21	96,81	100,00

Indicadores financeiros

Neste apartado adoitan incluírse dous indicadores, o indicador de cargas financeiras e o índice de tesourería.

Dado que as cargas financeiras da universidade non representan nin o 1% do total do orzamento este indicador non ofrece ningunha información, polo que só se inclúe o índice de tesourería.

O índice de tesourería indica o déficit ou superávit de tesourería do exercicio e da conta das posibles tensións de tesourería. Como se pode comprobar no cadro 29, o fluxo de tesourería no exercicio 2010 é negativo, a diferenza do exercicio 2009 os cobros do exercicio foron inferiores aos pagos.

Cadro 29. Índice de tesourería 2006-2010 (€)

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Cobros	535.503.993	566.781.632	468.654.163	461.544.506	597.477.712
B. Pagos	530.112.772	557.454.821	475.161.044	458.153.890	606.486.125
C. Diferencia (A-B)	5.391.221	9.326.811	-6.506.881	3.390.616	-9.008.413
D. Indicador (C/A)	1,01	1,65	-1,39	0,73	-1,51

V.2. INDICADORES PATRIMONIAIS

Neste grupo de indicadores inclúense habitualmente os indicadores de liquidez e solvencia, isto é, a capacidade que ten a universidade de converter en diñeiro os bens e a cantidade de recursos para afrontar as súas débedas.

Ratio de liquidez

A ratio de liquidez, trata de poñer de manifesto a capacidade da Universidade para afrontar as súas obrigas e débedas con prazo inferior a un ano. O ideal é que esta ratio sexa superior a 1, xa que iso significaría que o Activo circulante é maior que o Pasivo circulante e polo tanto, a capacidade de atender as débedas estaría garantida. Como pode apreciarse no cadro 30, na nosa institución este índice é superior a 2 en tódolos exercicios, acadando neste exercizo un valor de 3,29. Destes datos pode concluírse que a nosa institución goza dun notable grao de liquidez.

Cadro 30. Ratio de liquidez 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Activo circulante	56.649.974	63.386.913	62.403.489	78.765.667	60.504.070
B. Pasivo Circulante	20.395.712	21.216.990	23.341.750	24.769.958	18.399.459
C. Liquidez (A/B)	2,78	2,99	2,67	3,18	3,29

A ratio de liquidez inmediata mide a relación entre o dispoñible e o esixible, isto é, a relación que hai entre a tesourería da universidade e o importe dos acredores a pagar. Considérase que unha ratio entre 0,25-0,50 reflicte una boa situación. Como podemos ver no cadro 31 a ratio de liquidez inmediata da universidade está moi por riba deste importe en todos os anos que se reflicten e en especial neste ultimo.

Cadro 31. Ratio de liquidez inmediata 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Dispoñible	37.798.246	47.637.476	41.130.594	44.521.251	35.512.848
B. Esixible	9.630.290	10.101.832	12.150.718	13.675.820	7.012.346
C. Liquidez inmediata (A/B)	3,92	4,72	3,39	3,26	5,06

Ratio de solvencia

Esta ratio de solvencia compara as débedas totais co valor en libros dos activos reais medindo a capacidade da universidade para afrontar a totalidade das súas débedas. Mide a distancia á que se atopa a institución dunha quebra ou a capacidade de atender todas as súas débedas cos seus activos. Canto maior

sexa a ratio maior será a solvencia, algúns tratadistas sinalan un valor óptimo superior a 1,5. Como pode observarse a ratio ten un valor de 8,54 no 2010 o que revela unha alta solvencia e que esta incrementouse neste exercicio con respecto o precedente.

Cadro 32. Ratio de solvencia 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Activo real	259.170.481	273.012.460	290.714.374	306.321.951	286.091.621
B. Fondos alleos	26.559.526	34.877.000	37.527.859	40.580.921	33.498.641
C. Solvencia (A/B)	9,76	7,83	7,75	7,55	8,54

Ratio de cobertura

Esta ratio mide o grao de cobertura do inmovilizado con fondos propios e reflicte o grao de adecuación entre as fontes de financiamento e o investimento. O óptimo é que este ratio se sitúe nun valor próximo a 0,75. Como pode comprobarse ao longo dos anos, a ratio sitúase nun valor de 0,9 indicando que o 90% do inmovilizado se atopa financiado con fondos propios.

Cadro 33. Ratio de cobertura 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
A. Fondos propios	208.072.422	213.893.133	232.867.409	232.922.831	232.955.712
B. Inmovilizado (neto)	231.572.840	241.626.693	258.180.540	271.107.577	259.961.141
C. Cobertura (A/B)	0,90	0,89	0,90	0,86	0,90

VI. RESUMO DAS CONTAS ANUAIS DE ENTIDADES PARTICIPADAS

Conforme se establece no artigo 84 da Lei Orgánica de Universidades “as entidades nas que as Universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias Universidades”, nesta última parte da memoria recóllese un resumo das contas anuais das entidades participadas pola Universidade de Vigo.

VI.1. Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).

Mantense a actividade económica da sociedade, sendo o rasgo máis distintivo da conta de resultados -detallada no cadro 34- a mellora dos datos operativos, cunha maior minoración dos gastos que dos ingresos.

Salientar que as decisions de xestión adotadas no exercicio e a posta en marcha do novo plan de negocio permitiu incrementar os ingresos correntes pola propia actividade da sociedade e diminuir os gastos directamente relacionados co funcionamento da mesma.

Cadro 34. CUSA, Conta de resultados, 2010-2009

PARTIDAS	2010		2009	
	Importe €	% s/ ingresos	Importe €	% s/ ingresos
INGRESOS	469.069	100,0%	540.729	100,0%
Cifra de negocio	565.020	120,5%	516.260	95,5%
Traballos realizados para o seu inmovilizado	3.384	0,7%	0	0,0%
Outros ingresos de explotación	1.617	0,3%	64.433	11,9%
Ingresos financeiros	2.378	0,5%	737	0,1%
Ingresos extraordinarios	-103.330	-22,0%	-40.701	-7,5%
GASTOS	830.539	177,1%	1.042.941	192,9%
Consumo de bens e servizos	0	0,0%	0	0,0%
Variación existencias	0	0,0%	0	0,0%
Gastos de persoal	56.776	12,1%	134.966	25,0%
Amortizacións	171.634	36,6%	166.782	30,8%
Servizos exteriores e outros gastos	407.816	86,9%	511.847	94,7%
Gastos financeiros	135.571	28,9%	205.971	38,1%
Gastos extraordinarios	58.742	12,5%	23.376	4,3%
RESULTADO (+Beneficio -Perda)	-361.470	-77,1%	-502.213	-92,9%

O balance da sociedade -detallado no cadro 35-, tamen reflicte as decisións de xestión adoptadas no exercicio. Salientar o efecto en contas da ampliación de capital levada a cabo no exercicio.

Cadro 35. CUSA, Balance 2010-2009.

PARTIDAS	2010		2009	
	Importe €	%	Importe €	%
ACTIVO	-	-	-	-
ACTIVO NON CORRENTE	10.746.216	96,9%	10.589.272	91,7%
Inmovilizado inmaterial	1.449.644	13,1%	153.382	1,3%
Inmovilizado material	87.031	0,8%	93.272	0,8%
Investimentos inmobiliarios	9.161.462	82,6%	10.296.609	89,1%
Investimentos empresas grupo	40.932	0,4%	38.881	0,3%
Investimentos financeiros	56	0,0%	36	0,0%
Outros activos non correntes	7.092	0,1%	7.092	0,1%
ACTIVO CORRENTE	346.204	3,1%	961.225	8,3%
Existencias	0	0,0%	231.451	2,0%
Debedores	283.252	2,6%	625.911	5,4%
Investimentos empresas grupo	0	0,0%	48.281	0,4%
Investimentos financeiros temporais	1.351	0,0%	4.718	0,0%
Tesourería	36.651	0,3%	21.657	0,2%
Axustes por periodificación	24.950	0,2%	29.207	0,3%
TOTAL	11.092.420	100,0%	11.550.497	100,0%
PASIVO	-	-	-	-
FONDOS PROPIOS	8.477.094	76,4%	5.088.914	44,1%
Capital subscrito	11.457.680	103,3%	7.622.665	66,0%
Reservas	-953	0,0%	84.412	0,7%
Resultados de exercicios anteriores	-2.618.163	-23,6%	-2.115.951	-18,3%
Perdas e ganancias (beneficio ou perda)	-361.470	-3,3%	-502.213	-4,3%
PASIVO NON CORRENTE	2.448.962	22,1%	5.377.390	46,6%
Provisiones largo prazo	157.879	1,4%	96.726	0,8%
Débedas con entidades de crédito	1.220.147	11,0%	4.188.872	36,3%
Outras débedas a longo prazo	27.408	0,2%	18.449	0,2%
Periodificacións a longo prazo	1.043.528	9,4%	1.073.343	9,3%
PASIVO CORRENTE	166.365	1,5%	1.084.193	9,4%
Débedas con entidades de crédito	97.796	0,9%	626.712	5,4%
Outras débedas a curto prazo	81	0,0%	264.285	2,3%
Acredores comerciais	68.488	0,6%	193.196	1,7%
TOTAL	11.092.420	100,0%	11.550.497	100,0%

VI.2. Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI).

A conta de resultados da sociedade, detallada no cadro 36, reflexa a situación de posta en marcha da súa actividade na que se encontra, cunhos gastos superiores aos ingresos se ben melloran os datos con respecto ao exercicio precedente producto das medidas de xestión adoptadas.

Cadro 36. CITEXVI, Conta de resultados, 2010-2009

PARTIDAS	2010		2009	
	Importe €	% s/ ingresos	Importe €	% s/ ingresos
INGRESOS	168.708	100,0%	4.916	100,0%
Cifra de negocio	25.000	14,8%	4.800	97,6%
Aprovisionamentos	0	0,0%	116	2,4%
Subvencións	0	0,0%	0	0,0%
Ingresos financeiros	143.698	85,2%	0	0,0%
Ingresos extraordinarios	10	0,0%	0	0,0%
GASTOS	214.913	127,4%	275.421	5602,5%
Gastos de persoal	113.578	67,3%	72.580	1476,4%
Amortizacións	8.990	5,3%	6.181	125,7%
Servizos exteriores e outros gastos	92.345	54,7%	62.526	1271,9%
Gastos financeiros	0	0,0%	501	10,2%
Gastos extraordinarios	0	0,0%	133.633	2718,3%
RESULTADO (+Beneficio -Perda)	-46.205	-27,4%	-270.505	-5502,5%

O balance da sociedade, detallado no cadro 37, tamén reflicte a fase de realización de investimentos de posta en marcha.

Cadro 37. CITEXVI, Balance 2010-2009.

PARTIDAS	2010		2009	
	Importe €	%	Importe €	%
ACTIVO	-	-	-	-
ACTIVO NON CORRENTE	11.277.855	66,0%	10.223.741	61,1%
Inmobilizado intanxible	31.341	0,2%	32.260	0,2%
Inmobilizado material	11.246.514	65,8%	10.191.481	61,0%
ACTIVO CORRENTE	5.808.972	34,0%	6.497.246	38,9%
Debedores	248.232	1,5%	2.996.665	17,9%
Investimentos financeiros temporais	4.000.000	23,4%	54	0,0%
Tesourería	1.560.740	9,1%	3.500.527	20,9%
TOTAL	17.086.827	100,0%	16.720.986	100,0%
PASIVO	-	-	-	-
FONDOS PROPIOS	10.645.702	62,3%	10.691.907	63,9%
Capital subscrito	7.460.105	43,7%	7.460.105	44,6%
Resultados de exercicios anteriores	-510.216	-3,0%	-239.711	-1,4%
Perdas e ganancias (beneficio ou perda)	-46.205	-0,3%	-270.505	-1,6%
Subvencións recibidas	3.742.018	21,9%	3.742.018	22,4%
PASIVO NON CORRENTE	5.442.920	31,9%	5.819.023	34,8%
Provisiones longo prazo	134.133	0,8%	134.133	0,8%
Outras débedas a longo prazo	4.061.447	23,8%	4.437.551	26,5%
Imposto diferido	1.247.339	7,3%	1.247.339	7,5%
PASIVO CORRENTE	998.206	5,8%	210.057	1,3%
Outras débedas a curto prazo	463.571	2,7%	76.717	0,5%
Acredores comerciais	534.635	3,1%	133.340	0,8%
TOTAL	17.086.827	100,0%	16.720.986	100,0%

VI.3. Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Da conta de resultados da Fundación -detallada no cadro 38-, destacar o incremento da actividade económica da sociedade, reflexo do incremento da actividade da Fundación, fundamentalmente do Centro de Linguas e cunhas cifras de ingresos superiores ás de gastos.

Cadro 38. FUVI, Conta de resultados, 2010-2009

PARTIDAS	2010		2009	
	Importe €	% s/ ingresos	Importe €	% s/ ingresos
INGRESOS	803.475	100,0%	538.787	100,0%
Ingresos da actividade fundacional	764.686	95,2%	468.419	86,9%
Vendas e outros ingresos ordinarios de actividade mercantil	37.790	4,7%	70.183	13,0%
Outros ingresos de explotación	870	0,1%	23	0,0%
Ingresos financeiros	129	0,0%	162	0,0%
GASTOS	718.802	89,5%	501.470	93,1%
Axudas monetarias	6.000	0,7%	6.133	1,1%
Aprovisionamentos	0	0,0%	9.048	1,7%
Gastos de persoal	458.454	57,1%	335.865	62,3%
Amortizacións	7.434	0,9%	5.386	1,0%
Servizos exteriores e outros gastos	246.915	30,7%	145.039	26,9%
Gastos extraordinarios	0	0,0%	0	0,0%
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	-52	0,0%	60	0,0%
RESULTADO (+Beneficio -Perda)	84.620	10,5%	37.377	6,9%

Do balance da Fundación destaca a escasa significación patrimonial e o bo comportamento financeiro cunha alta liquidez, se ben menor que a do exercicio precedente, e un escaso endebedamento.

Cadro 39. FUVI, Balance 2010-2009.

PARTIDAS	2010		2009	
	Importe €	%	Importe €	%
ACTIVO	-	-	-	-
ACTIVO NON CORRENTE	28.972	5,0%	22.168	3,2%
Inmobilizado inmaterial	0	0,0%	102	0,0%
Inmobilizado material	28.964	5,0%	22.006	3,2%
Outros activos non correntes	8	0,0%	60	0,0%
ACTIVO CORRENTE	552.996	95,0%	662.018	96,8%
Existencias	0	0,0%	0	0,0%
Debedores	289.976	49,8%	241.007	35,2%
Tesourería	263.019	45,2%	421.012	61,5%
TOTAL	581.968	100,0%	684.187	100,0%

PASIVO	-	-	-	-
FONDOS PROPIOS	545.991	93,8%	632.303	92,4%
Dotación fundacional	66.010	11,3%	66.010	9,6%
Reservas	221.929	38,1%	184.552	27,0%
Excedente do exercicio	84.620	14,5%	37.377	5,5%
Subvencións recibidas	173.431	29,8%	344.364	50,3%
PASIVO CORRENTE	35.977	6,2%	51.883	7,6%
Débedas con entidades de crédito	-12	0,0%	0	0,0%
Acredores comerciais	35.989	6,2%	51.883	7,6%
Periodificacións a curto prazo	0	0,0%	0	0,0%
TOTAL	581.968	100,0%	684.187	100,0%

VII. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

O Servizo de xestión económica e contratación é o que fundamentalmente leva a cabo a xestión dos expedientes xerados pola contratación administrativa, agás os procedementos negociados de subministracións e servizos por razón de contía que se atopan desconcentrados nos/as Administradores/as de ámbitos/centros respecto das partidas descentralizadas.

Nesta memoria non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados nos artigos 95 e 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público.

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia / consultaría / servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2010 aparece reflectida nos cadros e gráficos que se indican de seguido:

Cadro 40. Comparativo do volume de adxudicacións

	Exercicio 2010	Exercicio 2009	Diferencias (valor absoluto)	Diferencias (porcentuais)
Importes de licitación	9.284.134	6.981.095	2.303.038	32,99%
Número de expedientes	37	40	-3	-7,50%

Prodúcese no cómputo total un incremento no importe adxudicado por procedemento aberto ou negociado, baixo xestión centralizada, pero dase unha diminución no número de expedientes adxudicados.

A continuación, no cadro 41, móstrase un resumo das adxudicacións distinguindo por tipos de contrato e a súa vez polos procedementos e formas de adxudicación.

Cadro 41. Resumo por tipo e procedemento de adxudicación.

Tipo de Contrato	Obras	Servicios	Subministracións	Privados	Total
Procedemento Aberto	2	7	2	1	12
Procedemento Negociado	4	9	12	0	25
Total	6	16	14	1	37

Complementase a información cos datos económicos contidos no cadro 42.

Cadro 42. Resumo por tipo, importes e ratios principais

Tipo de Contrato	Obras	Servicios	Subministracións	Privados	Total
Importe de Licitación	3.279.348	4.448.854	1.505.932	50.000	9.284.134
Importe de Adxudicación	2.956.337	4.045.831	1.478.707	37.500	8.518.375
Diferencias (valor absoluto)	-323.011	-403.023	-27.224	-12.500	-765.758
Diferencias (porcentuais)	-9,85%	-9,06%	-1,81%	-25,00%	-8,25%

No cadro anterior obsérvase que as baixas producidas nos concursos públicos e procedementos negociados supuxeron un aforro en cómputo total de 765.758 €